

# Padrón



PASCUA

ABRIL 79

PROGRAMA  
&  
FIESTAS



**más de 120 años al servicio de sus clientes**

SUCURSALES EN  
FRANCIA E INGLATERRA



**BANCO DE BILBAO**



**PROGRAMA  
DE LAS TRADICIONALES  
FERIAS Y FIESTAS DE PASCUA  
Y PASCUILLA**

**DIAS: 15, 16, 17, 21 y 22 de Abril 1.979**

**COMPONENTES DE LA COMISION**

<b>Presidente de Honor:</b>	D. José Ferrón Martínez
<b>Presidente:</b>	D. Luis Bragado Calleja
<b>Vicepresidente:</b>	D. Victoriano Grela Magariños
<b>Secretario:</b>	D. José-Antonio Rivera Casal
<b>Tesorero:</b>	D. Alberto E. Vigo González
<b>Contador:</b>	D. José Conde Castiñeiras
<b>Vocales:</b>	D. Jorge Cortiñas Castro
	D. Alfonso-Manuel Rguez. del Río
	D. Lois Rodríguez del Río
	D. Camilo Seoane Framil
	D. Angel Grela López



*PONTE DE PADRON*

**Raiña  
das  
festas**

Srta. Sandra Agrasar Méndez

**Damas  
de  
Honor**

Srta. Isabel García Vázquez

Srta. Isabel Duro Vecino

**Raiña  
infantil**

Srta. Celita López Otero

## COLABORADORES

Domingo García Sabell

Xosé-Fdo. Filgueira Valverde

Xurxo e Daniel Sueiro

Antonio Fraguas Fraguas

Carlos García Bayón

Xosé-Ramón García Bustelo

Camilo Agrasar Vidal

Xosé Muíños de Ferro

Dibuxos de Ramos Artal

Portada: Charles

EDITA: COMISION DE FIESTAS  
DE PASCUA 1.979 DE PADRON

Fotocomposición-Montaje-Fotomecánica  
"INDUGRAF S.L."<sup>TM</sup>  
Cataluña 40 - VIGO

D. L.: C. 238-1979

Imprime: Offset-Color PAREDES  
Virgen de la Cerca, 30  
Santiago, 1979

# TALLERES VIGO, S. L.

## TALLERES, RECAMBIOS Y VENTAS

CARRETERA DE LA CORUÑA  
TELEFONOS 81 12 90 - 81 12 11 y 81 13 00

PADRON (ILA CORUÑA)

SERVICIO VENTAS Y RECAMBIOS

*Pegaso*



DISTRIBUIDOR PARA GALICIA DE PALAS CARGADORAS Y CARRETILLAS

# ROMERO



S. A. F. E. de Neumáticos DISTRIBUCION

# MICHELIN

 Y SERVICIOS

## TRACTORES

Y

## MAQUINARIA AGRICOLA EN GENERAL

**M**  
motransa

  
**DEUTZ  
FAHR**



Xa sabemos que o presente encerra no seu escapador corazón ao pasado e ao futuro. Pro a forza de considerar dise xeito o intre actual —e a forza de vivilo así— rematamos por afogalo. A existencia humana compónse de presentes esmagados polo que pasou e polo que aínda non pasou.

Swift, moi agudamente, ten escrito isto: "Moi poucos homes, falando con propiedade, viven no presente, senon que están a se preparar para viviren noutro tempo". E a verdadeira vida consiste en acertar coa liberación do **agora**. Coido que nada alumea mellor o dito que a íntima vivencia experimentada nos raros minutos de intensa, cáse-que absoluta felicidade. Entón a vida aparece como ategada de ledó sentido, como chea de contido lumioso.

Todo o que vemos —aquele arbre, aquele anaco de mar— todo o que escoitamos —a voz querida, unha música veciña— todo fala un idioma intelixíbel, todo está trabado en perfecta ligazón, todo forma conxunto armónico. Todo é o que debe sere. Nise intre xubiloso todo está a existir na groria dún presente contínuo, sin saudosos despóis, nin anguriantes mañáns.


Ista é a situación das festas na Pascoa padronesa: un presente contínuo que se alonga, ano tras ano, na nosa lembranza e no noso corazón.

*Domingo García-Sabell.*



JARDIN DE PADRON

# 1979 ano internacional do neno



## dereitos do neno

1. O Neno disporá de oportunidades e servizos para que poida desenvolverse física, mental, moral, espiritual e socialmente en condicións de liberdade e dignidade.
2. O Neno ten dereito desde o seu nacemento a un nome e unha nacionalidade.
3. O Neno terá dereito a desfrutar de alimentación, vivenda, recreo e servizos médicos adecuados.
4. O Neno, física e mentalmente impedido, debe recibir o tratamento, educación e coidados especiais que require o seu caso particular.
5. O Neno deberá medrar ao amparo e baixo a responsabilidade dos seus pais, e nun ambiente de afecto e de seguridade moral e material.
6. O Neno terá dereito a recibir educación que será gratuita e obrigatoria polo menos nas etapas elementais.
7. O Neno debe, en todas as circunstancias, figurar entre os primeiros que receban protección e socorro.
8. O Neno será protexido contra toda forma de abandono e explotación. Non deberá permitirse que traballe antes dunha idade adecuada.
9. O Neno debe ser protexido contra as prácticas que poidan fomentar a discriminación racial, relixiosa ou de calquera outra índole.
10. O Neno debe ser educado nun espírito de comprensión, tolerancia, amizade entre os pobos, paz e fraternidade universal.

CAIXA DE  AFORROS DE SANTIAGO

Caixa Confederada



# Programa de fiestas

## DOMINGO 15

Dianas y Alboradas, con los Grupos de Gaiteros.

Pasacalles a cargo de la BANDA MUNICIPAL DE PADRON, que dirige D. Tomás Beteta Yarza.

A las 10,30 de la mañana en el Estadio Municipal del Souto, partido de Hockey sobre hierba, entre los equipos juveniles del Anduñña de Vigo y Santo Domingo de Padrón, disputándose el III Trofeo Fiestas de Pascua.

A las 11,00 de la mañana inauguración de la Feria de Maquinaria Agrícola e Industrial.

A las 11,30 en el Estadio Municipal del Souto, partido Internacional de Hockey sobre hierba, disputándose el VI Trofeo Pascua "PARQUET FRAISA" entre la selección portuguesa y el Sto. Domingo de Padrón, Campeón Gallego 4º año consecutivo.

A las 13,00 horas concierto en la Plaza de Macías a Cargo de la Banda Municipal de Padrón.

A las 17,00 horas de la tarde monumental novillada taurina, en la que se lidiarán 6 novillos-toros de la prestigiosa ganadería salmantina.

A las 20,00 horas Gran exhibición de Kárate y a continuación velada de Boxeo de categoría nacional.

A las 20,30 horas animada verbena en el Paseo del Espolón, hasta altas horas de la madrugada y siendo amenizada por la Orquesta "MARBELLA" y el grupo "YAGOS".

## INDUSTRIAS DEL ALUMINIO

### HNOS.

# D O P A Z O

(Antes DOPYCOR)

Cruce de Villagarcía

Teléfono 81 11 55 - PADRON

PUENTECEURES

(Pontevedra)

# MUEBLES GARCIA

## Grandes exposiciones



Teléfono: 59 11 24

## Milladoiro - Santiago

# Programa de fiestas

## LUNES 16 - DIA DE SANTIAGO.

Dianas por el Grupo de Gaiteros y Pasacalles por la Banda Municipal de Padrón.

A las 9,30 de la mañana harán su entrada en la Villa la Agrupación Internacional de Majoretts de Perlio (Ferrol).

Recepción al Ayuntamiento de Santiago.

A las 17,00 horas en el Estadio Municipal del Souto gran partido de fútbol en el que se disputará el Trofeo "PASCUA" entre los equipos S.D. Compostela y Deportivo Boiro.

A las 20,30 horas gran verbena hasta altas horas de la madrugada en el Paseo del Espolón a cargo del "DUO GALA Y SUS MARIACHIS" y "LOS PLAYER'S".



**TAGAL** EL TABLERO DE GALICIA

# TABLEROS DE GALICIA, S.A.

**PICARAÑA-PADRON  
LA CORUÑA-ESPAÑA**

Postal: Apartado 36 (Padrón)

Telegramas: FERGON

Teléfonos: 810011 y 810090 (Padrón)



# Programa de fiestas

## MARTES 17

Por la mañana harán su recorrido habitual por la Villa, los Grupos de Gaiteros y la Banda Municipal de Padrón.

A las 10,00 de la mañana XII Premio Pascua de Ciclismo, para corredores juveniles de carácter nacional, con un recorrido de 81,500 kms., con el itinerario siguiente:

PADRON - ANTEQUEIRA - FORMARIS - PORTANCHO - MURONOVO - LESTROVE - PADRON, cinco vueltas.

A continuación en el Paseo del Espolón, Gran Festival Infantil de Ciclismo para corredores infantiles, alevines y principiantes.

A las 11,30 en la Iglesia Parroquial, misa por los fallecidos del Municipio de Padrón.

A las 13,00 concierto de la Banda Municipal de Padrón en la Plaza de Macías.

A las 17,00 se disputará el XXIII Trofeo "ROSALIA DE CASTRO", donado por el Excelentísimo Ayuntamiento de Padrón a celebrar en el Estadio Municipal del Souto.

A las 19,00 actuación de la TUNA COMPOSTELANA de Santiago de Compostela por las calles de la villa.

A las 20,30 Gran Verbena hasta altas horas de la madrugada, siendo amenizada por "LOS SATELITES" y "TROVADORES".

# Gerardo Seco Domínguez



CONSTRUCCIONES

VENTA DE PISOS

Papeles Pintados BANAKA

COLOCACION A DOMICILIO

P  
A  
D  
R  
O  
N

SERVICIO DE  
RETROEXCAVADORA

Teléfono 810755 - VILLA FONTE-VILAR



# Programa de fiestas

## SABADO DE PASCUILLA 21

Por la mañana, actuación de grupos de gaiteros.

Homenaje taurino con motivo del "AÑO INTERNACIONAL DEL NIÑO".

Piragüismo en el Río Sar.

A las 20,30 Gran Verbena en el Paseo del Espolón, amenizada por el conjunto "LOS DANCER'S".



## UNA EMPRESA PADRONESA

### "PICUSA" TIENE RANGO INTERNACIONAL

Sin duda alguna, la empresa más importante de Padrón, es "Picusa", por su cantidad de puestos de trabajo, por su categoría y por las demás razones que se insertan en este reportaje. Los padroneses de cierta edad, hemos sido testigos asombrados del enorme desarrollo que Picusa llegó a alcanzar en las últimas décadas. De ahí nuestro interés porque en este Programa quede constancia, para las generaciones futuras, de lo que es y representa "Piel y Curtidos" en la vida de Padrón y en el momento actual.

#### ORIGENES

Ante todo hemos de referirnos, aunque sea brevemente, a la persona autora del "milagro". Se trata de D. Ignacio Zaragoza Salvadó, natural de Barcelona, que se fué formando entre los estudios de Derecho, en cuya Facultad se licenció muy joven, y en la tenería paterna de Horta, en la indicada provincia catalana.

Muchos padroneses todavía recuerdan la pequeña fábrica de curtidos que existía en la Matanza —y que todavía se conserva en su estado primitivo—; pues bien, en la misma y a finales de la década de los años treinta, llegó a tener intereses D. Ignacio Zaragoza, constituyéndose, más tarde, una sociedad anónima denominada "Piel y Curtidos". Fué esto allá por el año 1.944 y el punto de partida consistió en unas instalaciones nuevas, que ocupaban una superficie de 5.000 metros cuadrados aproximadamente, donde trabajaban entre cuarenta y cincuenta personas.

Desde entonces y a través de ampliaciones sucesivas, se llegó al espacio cubierto de hoy, que supera los 50.000 metros cuadrados, con una plantilla de trabajadores de 540; a propósito de los mismos hemos de añadir que todos son gallegos y, más concretamente, de Padrón y su comarca en su mayoría de procedencia rural, sin conocimientos de la industria del curtido, de forma que han tenido que pasar por un previo período de preparación. No cabe duda que es una dificultad que hay que salvar, lo que se traduce en un mérito más que hay que atribuir a D. Ignacio Zaragoza, entre otros que le distinguen.

#### OTROS DATOS

Una tercera parte, escasamente, es personal femenino. Si multiplicamos por cuatro la cifra que dimos anteriormente, nos resulta un total de más de 2.000 personas que viven de la empresa. Otro dato revelador, es que unos 150 turistas aparcan en los sitios destinados por la misma a este fin, durante las horas de trabajo.

También hay que dejar bien sentado que Picusa no es ya una entidad de prestigio nacional solamente, sino también internacional.

Viene surtiéndose de pieles que adquiere en los mercados del país; pero, en su mayor parte, son de procedencia extranjera, recibiendo por los puertos de La Coruña —el mayor volúmen—, Vigo y Villagarcía. Es una mercancía que llega a Padrón desde Sud África, Australia, Sud América y países del

(CONTINUA EN LA PAG. SIGUIENTE)



Norte de Europa, por citar algunos, con las consiguientes variaciones derivadas de las oscilaciones del mercado mundial.

Picusa se dedica a la fabricación de piel vacuna y piel lanar y, al mismo tiempo, al aprovechamiento de la lana; esta última es una industria casi única en España —hay una en la región catalana—, enviándose el producto a las zonas de industria textil, como Tarrasa, Sabadell y otras, para ser manufacturado.

Las exportaciones tienen por meta países como Rusia, Irán, Francia, etc., etc. La piel vacuna se destina a calzado y marroquinería, además de otros empleos; la lanar es para confección y vestido principalmente. La factoría está altamente mecanizada y por sus instalaciones y maquinaria, se encuentra a la altura de cualquiera de las europeas. Y cuenta con un economato de productos de alimentación para el personal.

De otro lado, Picusa viene dando trabajo a muchos transportistas, ya que además de los seis o siete dedicados a su servicio, están los que son contratados esporádicamente, incluso extranjeros. Además, se beneficia la villa de Padrón, en múltiples aspectos que son obvios, con el correspondiente beneficio general.

## UNA CEPA FAMOSA

En los terrenos de la empresa existió una cepa prodigiosa, un ejemplar

realmente único en España. Su tronco alcanzaba 1,20 metros de perímetro, emplazándose en el centro del huerto que circundaba la antigua fábrica, desplegándose seguidamente en forma de cruz sobre un emparrado de unos 400 metros cuadrados.

A principios de siglo fue traída de la provincia argentina de Mendoza, ofreciendo hasta su desaparición un magnífico aspecto de lozanía. Todo lo relativo a dicha cepa —que era de la clase conocida por moscatel negro o catalán— era sorprendente por sus desusadas proporciones. Su producción normal oscilaba entre los 800 y 1.000 litros, si bien en el año 1.944 —vendimia excepcional— alcanzó los 2.000 litros, obtenidos de los 24.163 racimos que entonces produjo.

En todas partes despertaba un gran interés y eran muchas las personalidades que se acercaban a La Matanza para visitarla y admirarla. Tampoco faltan las anécdotas. En cierta ocasión alguien recomendó a una señora, que padecía de la vista, unos lavados de ojos con savia de vid. La señora en cuestión recurrió al cuidador de la cepa de La Matanza —que por lo visto era en aquel tiempo Antonio "El Jardinero"—, el cual, después de practicar un tajo se vió en un aprieto para contener la "hemorragia", ya que la savia manó a calderos.

Pero las ampliaciones de Picusa impusieron el sacrificio de acabar con la famosa cepa. Se consultó a varios

organismos y se trajeron técnicos, en un desesperado intento de salvarla; pero las dificultades eran tan grandes que no hubo más remedio que cortarla.

## FINAL

D. Ignacio Zaragoza salvadó además de sentir un profundo afecto por Galicia, se considera un padronés más. Quizá como símbolo de lo que decimos, podamos exponer el hecho de que próxima a la empresa está la "Casa Museo de Rosalía de Castro", a la que D. Ignacio y su empresa vienen dedicando atenciones y cuidados absolutamente desinteresados.

Es un hombre de talento, empuje e iniciativa, ejemplo de capitanes de empresa, de los que harían falta muchos en Galicia para su elevación y engrandecimiento. En su media edad, D. Ignacio se vino a Padrón, con su familia, viviendo en la fábrica, en la que siempre estaba dispuesto a echar una mano, hasta incluso con su esfuerzo físico. Y hoy sigue en plena actividad, a pesar de sus ochenta años, y asegurada su continuidad por dos de sus hijos, que en su día heredarán el mando.

D. Ignacio se merece el respeto, la admiración y la gratitud de todos los padroneses bien nacidos, por los beneficios de toda índole que reportó a la villa y sus alrededores.

*Máximo Sar.*





# Programa de fiestas

## DOMINGO DE PASCUILLA 22

Día dos Fillos de Padrón.

Por la mañana, alboradas por Grupos de gaiteros y Banda Municipal de Padrón.

A las 11,00 recibimiento aos Fillos de Padrón, así como al Grupo Folklórico "CANTIGAS E AGARIMOS" cuya actuación patrocina "A CAIXA DE AFORROS DE SANTIAGO" y acto seguido ofrenda floral ante la estatua de Rosalía de Castro.



Durante las fiestas lucirá una artística iluminación a cargo de Iluminaciones ELISEO BLANCO RIAL



## Pieles Curtidos y Lanas S.A.

PIELES ESPECIALES PARA  
MARROQUINERIA, CALZADO  
Y CONFECCION



FABRICA Y DOMICILIO SOCIAL  
APDO. 8-TELFs: 811011-811090-811100  
LA MATANZA-PADRON (Coruña)  
TELEGRAMAS "PÍCUSA"  
TELEX 86007 PIQSA-E

DELEGACION COMERCIAL  
SAN ANDRES, 475 - TELEF. 2333200  
BARCELONA - 30  
TELEGRAMAS "PÍCUSA"  
TELEX 96 52445 ZARAG-E



# AS CHEAS DE PADRON

Por Xosé FILGUEIRA VALVERDE

Fai xustamentes cen anos, houbo nos ríos de Galicia, e como agora, cheas dos ríos e alagos en vilas e aldeias. As xentes decían que o inverno retrasárase, pro viña batendo de raio: "tarde ves e moito duras". Se colledes os xornaes de entón poderedes leer que, nos meses de xaneiro e de febrerío, chovía a Dios dar, que mesmo se libraba o ceo. As primeiras enchentes foron, como de cote, as de Padrón onde houbo veciños que estiveron días sen poder sair das casas. Logo naufraxios, perdas de vidas, derrubamentos, estragueiras no gando e nos agros...

Os temporaes repetíronse nos anos seguintes; foron moi rexos os de 1.881. Compensándonos da ineptía de algúns cronistas, facía entón Rosalía de Castro, xa moi doente, o que chamaríamos a súa "reválida en periodismo", con catro artigos maxistraes na "Ilustración Gallega y Asturiana" que dirixía o seu marido, Don Manuel Murguía.

Teñen un comprido desenrolo, como si fosen unha sinfonía en catro "tempos", con feitío logrado, sabiamente, e moi pensado de antemán. No primeiro, a cantora fuxe da Compostela inverniza, abafada pola chuvia, namentras os clamores das campás, trasteiros dos sinos, mestúranse co bruar do vento. Busca un acougo na casa solariega de "Torre Moucha" de Lestrove, que perdeu o seu antergo señorío, e vaise convertindo xa en poética ruína. Pesía todo, é un lugar de paz e de sosego que lembra días mellores. A primeira secuencia remata cunha lembranza de Padrón e de Iria e co louvor das súas belezas e da súa historia.

No segundo "tempo", xogan, antre outros temas, sempre en contrastes, a

ledicia do abreinte dende as fiestras do pazo, e o recordo da morte da nai; o sosego campesío e a sorpresa do balbordo das augas, do bruar do vento, do trebón...

No terceiro, describíense as inundacións. Por moito que se teña escrito das traxedias, siareiras, de Padrón, ninguén dou unha visión máis certa. O medrar da enchente, a asolagar agros e rúas, ten en Rosalía o témero acento de aquela namorada de Mendiño diante das ameazadoras ondas do mar. Vivimos, con ela, tódolos intres da crecida, dende o inicio, "maestoso", en que as augas ruben, tranquilas, sen somellos de amago, deica o "climax" dos firentes perigos. Escoitamos os sereos, que chaman de porta en porta, despertando aos confiados veciños, os gritos das mulleres, que fendem o ar, como de almas en pena, o bruido da mar, cada vez máis perto e máis asoballante, o bradar das vacas nas cortes,...

O remate escomenza, asosegadamente, nun intre de confiada ledicia, en que as ondas retroceden e a campía, alagada, mostra o rebrilar dos regueiriños baixo o quentor do sol novo; os sons, mollados, das campás, a saída dos labregos... Mais, as chuvias tornan. E voltan as noxentas cheas. ¡Probes dos probes! Tal que nunha "endrecá", Rosalía pecha as súas crónicas cunha chamada aos gobernos, namentras, por sexta vez, rubían de novo as augas, aterrecendo ás xentes ca ameaza do asulago.

Fai cen anos. E as verbas de Rosalía sempre somellan escritas pra os homes de hoxe. E son páxinas moi fondas pra unha antoloxía que poidera chamarse: "O Libro de Padrón".



AS INUNDACIONS DE PADRON NO 1.880 NA PLAZA DO FIADO (Macías)



## PASION POLO BOSQUE PADRONES

Sempre foron tentacións os camiños pra gozar dos paisaxes de un lugar e poder parlamentar coa mesma natureza que vai facendo día a día as beiras do toxo en frol ou das nobles carballeiras e inda algún castiñeiro de fermosa copa. Nos camiños de Padrón había que facer unha indicación os viaxeiros pra que subiran ó Santiaguíño do Monte, pero sin presas, sin fuxida de auto que non deixa crear diante do paisaxe a forza viva do bosque e a sua insinuante chamada pra descubrir o acibo sempre verde, o sanguíño de enganosas froitas e a sesuda cachopa do vello carballo que perdeo a conta dos seus anos e soio se laia co vento que funga nas suas regandixas. Paso a paso, sentimos mais a harmonía do bosque e comprenderemos a sua grandeza. A recreación artística quixera un intre de neboeiro, sutil e vagaroso, pra que a raiola do sol deitara sombras misteriosas nas augas do rio Sar, o rio dos miragres e dos versos, recollido quizais por un dibuxo de Beiró Buxán. Nos buscamos na encosta o nobre bosque e matinamos a visión de Rosalía cos ventos nos arbres do antigo Bosque do Rei.

Vexo o soto en parda sombra  
revolvendo o seu ramaxe,  
que por bon do rei se nombra,  
donde fero o vento asombra,  
roxe e estala de coraxe.

Moitas veces temos escoitado esa musicalidade do bosque padronés e pararnos pra reparar no ritmo bailabre dos carballos, e do barullo que ven e foxe pola ladeira do monte. Son rexos e resisten os vendavales na espera da primaveira que faga xurdir as novas, follas, as folliñas verdes e saudosas que sinten certo estremecimento cando sonan as campanas do convento onde se estende o canto litúrxico

(CONTINUA EN LA PAG. SIGUIENTE)

FERRETERIA - BAZAR  
ELECTRODOMESTICOS  
MATERIALES DE  
CONSTRUCCION  
Y SANEAMIENTO

---

ANTONIO CAJARAVILLE BALADO



PINTURAS RIPOLIN

TELEFONO 810458

Rosalía Castro, 12

PADRON (La Coruña)

envolto no arume do incienso. Non sei cantas campanas se escoitan pero o seu son esperta no val a ledicia do día novo, e mais no día da xornada pascual padronesa cuia historia podería escribirse en pergameos. Os amigos pararon diante dunha poleira seca que caíra dun carballo que vivía un pouco en solitario e por iso o vento puido ferilo un día collendo a esgrevia ponla un tanto traidoramente e desporcatada. Caíe a ponla mais queda o arbre pra aguantar novos ventos que rífen a sua vela. Non esquecemos aquel carballo de Arretén, testigo sin verbas de tantos acontecementos porque sabe, él solíño, historias de donos e alleos que foron esmorecéndose, por iso vai enloitada no verso rosalián

E tamén vexo enloitada  
de Arretén a casa nobre,  
donde a miña nai foi nada,  
cal viudiña abandonada  
que caí triste ó pe dun robre.

Cabanillas e Ponal comprenderon o paso do tempo nos arbres, nos carballos que foron lindeiros dos seus camiños e habían ido envellecendo como testigos seguros do tempo, e Rosalía falaba das tristezas que contaban ós camiñantes os carballos dos Campos de San Lorenzo porque por eles foi decorrendo un mundo en retesias de amor na xente xoven, pero, o camiñante triste que non faltaba na carballeira, deixaba na saudosa sombra un dolor profundo como o que ela podía levar no seu paseo

Nalgún tempo aqueles vellos carballos  
amostrando as suas raíces,  
cálvas as redondas copas  
que xa de musgo se visten,  
ás tristes almas falábanlles  
tan soio de cousas tristes.

A ledicia de Rosalía estaba en Padrón en onde melloraba a sua saudade descubriendo sempre as novidades que a cada hora presenta o paisaxe das veigas de Iria, dos diferentes tonos do monte do Santiaguíño que baixa pro Sar. Alá queda a ermita, as pedras co cruceiro e a fonte onde Morales bebeu a millor auga.

*(CONTINUA EN LA PAG. SIGUIENTE)*

# Refojo y González, S.L.

## ALMACENES FRIGORIFICOS DE CARNES Y PESCADOS

### SALA DE DESPIECE DE CARNES NUMERO 10.592/C



Distribuidores de los productos

**" L A R S A "**

SERVICIOS DE AUTOVENTA

Teléfonos 810312 - 810315

IMO - DODRO  
(LA CORUÑA)




Cando se alcende a luz do farol na ermida e se escoita o cantar facil e garimoso da fonte, ven polo noso maxin o verso de Noriega que tanto amou as ermidas na montaña e os cruceiros nos camiños e nos descampados, e pra quen prega con amor a benzón de Deus

Bendiga aquel farol (Compañeiriño d'unha imaxe), bendiga esta fontaña i-a pompa dos carballos da igrexiña i-a virazón que riza un remansiño.

Xa entrou a Primaveira e a sábia trai a folla, a frol e a espranza do froito. Sempre unha ledicia mais pra quen vaia pasar a sua xornada da Pascua a señorial e xacobe a vila padronesa.

*Antonio Fraguas Fraguas.*



*A. Pompa*  
BURGO NOVO (TRABANCA DE ABAIXO)

# FINANCIERA MADERERA, S.A.



## FIMAPAN



### TABLEROS AGLOMERADOS

OFICINAS: **SANTIAGO DE COMPOSTELA**  
Formaris-Km. 54-c/La Coruña  
Apartado 127

TELEFOS: 583400-581974-582158  
TELEX: 86016 - "FIPANE"

FABRICAS:

**FINSA 1, PUENTECESURES (Padrón)**  
**FINSA 2, SANTIAGO DE COMPOSTELA**

**IMPORTACION Y EXPORTACION**

## AS INCREIBLES GARGALLADAS DE ROSALIA, ALÁ Ó FONDO

Rosalía, pantasmagórica Rosalía, alá ó fondo, no Espolón, está triste, moi triste, miranos con ollos morriñosos, como un gato vello a carón do lume. Rosalía non comprende que fai tanta xente arredor dela, non comprende os foguetes que resoan, as luces multicolores; nin siquiera a música que está tocando, Rosalía bosteza dun sono secular, o seu corpo erguido, mirada no alén, está agora cuberto cun manto musgoso de color verde. A pobre Rosalía, miranos unha vez máis, unha de tantas outras veces; ós seus ollos asom un salouco de tristura, un habitual salouco de tristura no seu rostro esquencido; alá ó fondo. Volve a mirarnos languidamente e un torrente de bágoas empeza a deslizarse polas suas meixelas outrora sonrosadas.

Chora Rosalía, porque xa non ve camiñantes solitarios que en baixa voz recitan versos de amor, chora porque os nosos bicos interrompidos non resoan nos seus ouvidos, chora porque os paxariños abandoaron xa fai tempo os seus arbres máis queridos e endexamáis voltaron a cantar; chora Rosalía porque somentes oe o ruído dos automovis que ennegrecen o seu rostro virxinal, chora polo Sar turbulento de augas emporcalladas e pola basura acumulada nas suas ribeiras; chora Rosalía por nós que aquí abaixo sobrevivimos no máis cruel dos mundos e que pasamos xunto ela sin falarlle, sin saber que fai tempo que nos está mirando e por nos chora dende o pedestal da esperanza.

Ela somentes ve as outonais follas arrastradas polo vento da mañán ferida, as escintilantes estrelas da máis bonita de tódalas noites, a choiva que lentamente corre a través do seu corpo confundíndose coas lágrimas; ela somentes oe o murmullo dialéctico das augas do seu Sar sempriteramente poético.

(CONTINUA EN LA PAG. SIGUIENTE)

Nestlé®



Non máis triste Rosalía!, o branco pailobote defraudado de Manuel Antonio ven hastra ti navegando Sar arriba, o compañeiro Daniel empeza a camiñar apresuradamente hastra ti pra mergullarse no teu colo de pombas de luz, nunha longa procesión luminosa ven a través da noite dos tempos e póstrase ante ti, raiña do abrente.

Erguete Rosalía! estamos aquí pra que non chores xa máis, pra decirlle ó mundo que eres algo máis que unha bágoa perdida no tempo, pra que a nosa etnia cobre un pulo de esperanza e de destino, pra que o autergo berro da colectividade celta afoque o ruído das máquinas.

A triste Rosalía empeza a rirse, un a un todos empezamos a rirnos, unha gran gargallada propágase no ámbito; é a única e derradeira gargallada dunha estatua de pedra que está esquecida no fondo do Espolón, en Padrón pra máis señas.

*Ramón FERNANDEZ REBOIRAS*



*ROSALIA DE CASTRO*

PANADERIA

”MOSQUERA”

MOLLETE Y BARRA



Teléfono 81 0853 IRIA-PADRON

## UN XOVEN ESCRITOR PADRONES



### BREVE PRESENTACION.

Fai un ano que nos xornas galegos dábase a noticia do fallo do Concurso de Contos "O Facho", habendo correspondido o apartado b), pra contos de nenos, o primeiro premio de 4.000 pts. a Xosé Ramón García Bustelo, de Iria-Flavia.

Xosé Ramón naceu o 7 de Novembro de 1.962, e estudia terceiro de BUP no Instituto padronés. Dende moi neno manifestou afición a escribir, e cando presentou o "Facho" o conto premiado, xa tiña escritos outros.

Coidamos que se trata dunha intresante promesa, nun campo onde Padrón dou tantos ilustres persoaxes.

## EU VOUVOS CONTAR UN CONTO.

Eu vóuvos contar un conto, un conto que non vai ser de fadas nen de meigas, de bos ou de malos, de xustos ou pecadores, non, eu vóuvos contar un conto dun neno pequeno, insignificante, miudo, vítima dos que se creían xustos, dos que se creían bos, xusticia e boenza que lles impulsou de súpeto a loitar contra os que creían malos e pecadores, e que non eran máis que irmáns dunha soia niñada, dun soio sangue, dunha soia patria. Uns irmáns que, alporizadamente, xenreiramente verqueron o seu sangue polas ruas, polas estradas, polos rios e montes, cun falso ideal, cunha idea trabucada, facéndose dano uns os outros, cegados pola triganza, rexeitando as verbas en favor dos fusís, das pistolas, das armas. Uns irmáns que desataron unha fatricida loita, unha sanguenta guerra, sobor dos mortos e, xeralmente, sobor do pobo espallado pola terra que, via, alleo, como se lle iban os homes, os fillos e non voltaban,

(CONTINUA EN LA PAG. SIGUIENTE)

# HORMIGONES COMPOSTELA

## CAMILO CARBALLAL, S.L.

### INDUSTRIAS DIRIGIDAS POR TRES GENERACIONES



## OSEBE

TELEFONOS:  
PLANTA: 598762 - 598766  
OFICINA: 596649

## SANTIAGO



unha xente inconsciente que iba de eiqui pra acolá, sen rumbo fixo, cunha soia idea, fuxir da loita, do sangue, dos cadavres, dos... unha xente medosa, amorriñada, que conformábase sóio cunha idea, vivir.

O Xoanciño espertara facia longo tempo, os asubios das balas, os berros da xente, os cañons, non o deixaban dormir, ergueuse, e, collendo a roupa vestiuse ollándose ó espello, a pequena lámpada de cera que trouxera o borreiro a cuarta feira pasada alumbeaba tristeiramente, iluminando as paredes e facendo miles de sombras polo chan e mái-lo teito, rematando no cuadrado e pequerrecho espello onde estábanse a reflexa-las caracteres da face do Xoanciño, unha face dun neno de trece anos, cunha faciana branca pero torrada polo sol, cun nariz pequeno, cabelos loiros, ollos castanos e brancos dentes, unha face que abandallando o espello, correu famélica cara a cociña e alí, sen decatarse, xantar unha pequena cunca de leite tonoso cuhas migallas de pan reseso e logo, marchar pola porta cara o bicarolo do monte, correndo por un camiño cheo de lama e de erbas secas, que lle emborrebaban os zocos, debido as aínda friaxeiras gotas de xiada caídas na noite pasada. Iste era o seu lugar preferido, onde via a miseria humá, onde via os banbaneos das tropas, onde via os soldados tristeiros ou cunha pea que non se cheiraban, e unha e outra vez, o Xoanciño perguntábase o porqué diso, non o comprendía, unha e outra vez deprendera na escola que a cousa máis fremosa era a libertade, i, enton, pra qué loitaban eisi os homes, pra qué morrian, por qué uns soldados, polo mero feito de ter unha traxe de cor distinta, eran tratados salvaxemente, golpeábanos e moitas veces eran finados, por qué, polo mero feito de creer noutras ideas, noutros ideais, ter outros pensamentos, deixábanse morrer os soldados no campo de batalla conquerido, non, había moitas cousas que non comprendía o Xoanciño, por qué mataran ó seu mestre torturándoo i en troques, ó escolante doutro curso non o mataron e saudárono ledamente, por qué, perguntábase, por qué os esboiros das bombas, dos fusís, do sangue corrido polo chan, un chan que noutro tempo servira pra

(CONTINUA EN LA PAG. 22)

## "SAR" Auto-Escuela

Profesores titulados

Enseñanza Audiovisual

Modernas instalaciones

Pistas de prácticas propias

Una organización a su servicio

Donde recibirá la más completa enseñanza

Y comprobará su eficacia y seriedad

**PADRON y BERTAMIRANS**

Telf. 81 03 13

Telf. 88 31 71



### DESPACHO CENTRAL:

Casas de Compostela, 3 - Teléfonos 591099 - 594386

### EXPOSICIONES:

Avenida de La Coruña, 42 - Teléfono 593554 • Tras del Pilar, 8 y 9 • Fray Rosendo Salvado, 7 • Rosalía Castro, 49 (3 plantas) - Teléfono 593091.

### ALMACEN:

Corredera de la Campsa - Teléfono 591950 (2 líneas)

**SANTIAGO DE COMPOSTELA**

# CONSTRUCCION DE 30


CONDICIONES: 30% ENTRA

SITUACION: C/PLAZA DOLORES - 11 VIVIENDAS

C/DOLORES



PROMOCIONA: HERMA



INFORMES EN OBRA C




# VIVIENDAS EN PADRON

DA RESTO 10 - 12 AÑOS

C/ENLACE PARQUE - 19 VIVIENDAS

NOS OTERO GONZALEZ

C/ENLACE PARQUE



O TELEFONO 810841

colleita-lo millo e hoxe non servía máis que pra cemiterio, acaso coidaban que con ista semente iban colleren millor colleita, non, o Xoanciño, aínda pequeno, sabía que non, o úneco que colleitarían serían xenreiras, rabechas, máis sangue, i, eisi ende-xamais rematarían, por qué, preguntábase o Xoanciño, por qué viñeran os avions coas bombas cando denantes sóio había pombas e anduriñas, por qué os tanques, por qué o aceite de ricino, por qué a descomposición conseguinte, por qué unha bandeira dunha cor e outra doutra cor.

O Xoanciño atormentábase ó ver, día a día, balumes de esqueletes, de cadavres, asesiñados, matados á forza, que serían das suas mulleres, dos seus fillos, vagarían polas rúas pedindo un cacho de pan, e, recibir, de contra, unha patada nos fuciños dando centounha viravoltas.

Pero facía friaxe e marchouse pró seu lar, recibeuno a sua mamá, sorrindo falsamente, o Xoanciño sabíao moi ven ouvira moitas veces os seus choros nas escuras noites acompañados polas curuxas, sabía que choraba sempre que se iba o don Xoan, o seu pai; todo cambeara moito, incluso os seus xogos, xa non podía xogar, as suas amizades abandallaran, non lle falaban xa, bó, falar falábanlle, pro ¡cada cousa!, pero, por qué cambearan os seus amigos, il seguía queréndoos, non lles fixera ren, denantes xogaban ledamente ó "fubol" ou a estornela, mais agora, non querían, marchábanse a correr en canto vían ó Xoanciño, e logo tirábanlle pedras como se fora un can dogo e famélico sen dono, sabía que algunha vez daríanlle e non se trabucou, un día, o Xoanciño atopouse na cama, non sabía moi ben o que lle pasara, soio veu unha pedra voar asesina polo ar, soio veu a pedra achegarse e...

Houbérono de matar se non fora pola testa dura que tiña, pero agora tiña unha dor de testa moi grande, que lle impedía lembra-lo acontecido, soio via un soldado que o collía en brazos, pro logo víase de novo tirado no chan, o soldado deixarao tirado ó saber quen era o Xoanciño, agora os pensamentos voltaban, e o Xoanciño xemía, choraba.

(CONTINUA EN LA PAG. SIGUIENTE)

**winterthur**  
**seguros**

Delegado en PADRON:

**DAVID SILVA MORLA**

Agencia: Enlace Parque, bajo Teléfono 81 07 45

PADRON

**TRANSPORTES**



**CASAIS**  
*MANUEL GONZALEZ CASAIS*

**CUBAS ISOTERMICAS**

Teléfono 81 02 62

**MURO NOVO - DODRO - PADRON**



—¡Quero morrer! berraba e apretaba a gorxa coas suas maos facendo aceno de esganarse, botando a lingua fora e logo, vendo que ninguén lle facía caso, voltarse cú arriba e golpear salvaxemente unha almofada deica saírlle as prumas de galiña que tiña.

—¡Ouh, deus meu!, dicía unha e outra vez o Xoanciño, por qué cambeou tanto a xente, por qué odiannos tanto agora, por qué, por ser meu pai... non, non pode ser, non podo creer iso, joush, eu quero morrer! berraba chorando, caéndolle as bagoas pola face abaixo e mollando a almofada que tiña desprumada dos soplamocos que lle dou.


Probe Xoanciño, tes moito que deprender da vida, da xente, dos sentimentos, dos odios, das malas lingoas, do medo, do apremento, si Xoanciño, sigue a chorar porque, gracias a deus, aínda non sabes o que é a vida, o que é a morte, que é a fame e a fartura, o egoísmo, aínda non sabes, Xoanciño, o que é ser orfo, levar unha patada nos fuciños e dar mil e unha viravoltas e quedar chorando no medio da pedregullenta rúa máis de fame que de dor, índa non sabes ben o que son os choros, os sufrimentos, o irse o pai e non voltare endexamais, fuxir, ter medo, non Xoanciño, ti non sabes moitas cousas, por iso choras e choras sen rematar, ti es moi xoiña, probe, por iso choras pola pedrada que che deron, en troques de rir por estar san, por iso maldís na nai que o pareu a aquel que che tirou o pelourazo, pro non sabes que, ó millor, il está chorando agora por facerche mau, igual cho fixo obrigado, pola sua vida, pola fame, a cambeo dunha migalla de broa prós seus fillos, prá sua muller doente, non Xoanciño, ti non sabes o que é o caciquismo, ti viviches alleo á vida cotidiá, non viches o apremento, a fame, ti sóio preocupábaste de xogar ó "fubol" ou a billarda, rindo e rindo sen cesar pero agora choras, choras porque, de súpeto coñeceches o que é a vida, o medo, o apremento o que é a fame, as loitas, as malas lingoas, si Xoanciño, ti choras porque queres seguir sendo xoiña, pero iso xa pasou, a marca do pelourazo quedarache ben marcada nã tua mente, nunca o esquencerás, sempre lembrarás aquel tristeiro dia no que, xa san, chegouche o teu pai, o Xoan, pingando de

(CONTINUA EN LA PAG. SIGUIENTE)

# COMERCIAL RADIO NUÑEZ

AGENTE OFICIAL DE  
**SINGER**

"VISTE MAS"  
ACADEMIA DE BORDADO  
Y EXPOSICION  
SANTO DOMINGO 10  
**PADRON**



DISTRIBUIDOR OFICIAL  
SERVICIO TECNICO PROPIO  
ESPECIALISTAS EN ELECTRODOMESTICOS

**RADIO NUÑEZ** R. Castro 18 Telf. 810508 **PADRON**



suor, decindo en voce outa que tiñades que fuxir, que o perseguían, que rematará a longa loita, que perdéran a que... pero ti e maila tua nai xa non escoitábedes, ti erguido xa de cama facías a tua maleta, cun par de cirolas, outro de camisetas, pantalóns, canchetíns, todo revolto na maleta pra, con gran presa, pechala, fechar tamen a porta, e marchar correndo polo camiño cheo de lama e erbas secas que, unha vez máis emborreábanche os teus zocos, unha corredoira pola que tantas veces forás pero pola que, agora, caías coma un paxaro ferido pola vixiante escopeta, enchéndote de lama deica dos fuciños, pero tiñades que correr, erguéndote unha e outra vez, ollando pró pobo, probe pobo, il atopábase acañado, desacougado, tristeiro, as casas envoltas nunha branca brétema alcontrábanse negras, caídas, cos tellados furados polos estalos das bombas, ó concello, probe, da sua cuberta de cal branca non quedaba nada, as fiestras convertíranse en portas e as portas en buracos inhumanos, o reloxo parara facia longo tempo, o seu tam tam quedaba na lonxanía, esquencido. O derradeiro que pudeches ver do pobo foi o tristeiro campanario, agora sen campás, e no bicarolo da cruce unha bandeira, unha bandeira bambaneada por un ar forte que traguía co-el o cheiro dos mortos, un cheiro que non se termaba e que afogaba a ún na gorxa, tiñas ganas de trouxar pero non podías esquencer que tiñas que correr, correr se non querías ficar allí morto, esquencido por todos, por iso corías coma un tercelán, corrias sen cesar por unha corredoira sementada por cadavres apodrecidos, por iso non parabas, corrias e corrias, atopaches ó teu tio tirado no chau, coa testa fendida nun milleiro de anacos, cos miolos sementados polo chan e co sangue facendo carreiros bermellos polo camiño, pero non te paraches, foches arrincado dali polo teu pai, il sabía moi ben que non vos podíades quedar parados ahí se non queríades quedar como o probe tio Uxío, il tamen tentou fuxir pero non poido, quedou tirado no chan, apodrecéndose, perdéndose de tua vista que xa non o vía, ti seguías a correr aloucadamente, as tuas alcanzadas eran tan longas que, paseniño a paseniño, conqueriches a tua liberdade.

(CONTINUA EN LA PAG. SIGUIENTE)

**DERBI**  
ciclomotor  
motociclistas

**Benelli**  
**MORINI**  
MOTOCICLISTAS

**PERKINS** 90 80

MOTORES DIESEL  
GRUPOS ELECTROGENOS

**Johnson**

MOTORES FUERABORDA  
Y EMERGENCIAS

**JL**

**J. L. PALACIOS**

**J. L. PALACIOS - CENTRAL**  
Carretera Madrid-Coruña Km 600-Perillo  
Telf. 635350 (5 líneas) LA CORUÑA

**J. L. PALACIOS - SANTIAGO**  
Avda. Rodríguez Víguri, 25 Telf. 597426

**J. L. PALACIOS - EL FERROL**  
Avda. del Generalísimo 197  
Nueva de Carranza  
Teléfono 312371

**Avia**

CAMIONES

**VOLVO PENTA**

MOTORES MARINOS Y AUXILIARES

**VOLVO**

MOTOCICLETAS, CAMIONES Y AUTOMOVILES

**PEUGEOT**

MOTOCICLETAS  
BICICLETAS


**RESTAURANTE**



**REINA  
LUPA**

BODAS - BAUTIZOS  
PRIMERAS COMUNIONES  
COMIDAS A TODAS  
HORAS  
MERIENDAS Y CENAS  
Teléfono 81 04 60

**ESCLAVITUD (LA CORUÑA)**



**RESTAURANTE  
DON GAIFEROS  
RUA NOVA 23  
TELF. 58 38 94  
SANTIAGO DE  
COMPOSTELA**



chegaras por fin á fronteira, cantos sufrimentos pasaras ti e mailos teus pais, os pes estaban raxados, as bochas doían, as prantas dos pes tiñan máis sulcos que tódo-los rios do país, sangaban de tantos toxos, ponlas calcadas, que pisárades ó pasar, cegados polo medo de vervos tirados no chan coa testa fendida en mil e un anacos, pero pagou a pena, conqeriches a liberdade, e ti, con gran ledicia, danzabas e cantabas coa tua nai e teu pai e logo, tirándoches no chan, chorar, non sabías ben por qué, pola ledicia, cecais polo teu tío, pola tua nación, pro logo, albendrado pola tua nai, camiñaches coa testa baixa, perdéndote no horizonte dun día calqueira, nun día no que cesaron os rumores dos piñeiros, os poemas de Pondal, os berros do Castelao, un día en que te atopaches soio, pero non tiñas medo, eras valente, sabías que algunha vez voltarías a ouvilos i, enton, voltarías á tua nación agora destruída, agora encamiñada á servidume, ó apremento á inxustiza, e voltarías ledo, vencendo a morriña que agora desacóugache o cor, rindo, atopando de novo ós teus amigos, saudándoches falsamente, cun cambio de pensamento meirande que denantes, cagándose nos que denantes chufaban, chufando ós que denantes martirizaran coas suas lingoas, cos seus pelourazos, cos seus alcumes, e voltarías ceibe, coma sempre, si, voltarías ceibe e coa testa alta brillando polo sol que agora, neste día calquera, atopas morrendo no horizonte.

*Xosé Ramón García Bustelo.*

# FERRETERIA

## HIJOS DE FRANCISCO GARCIA



MUEBLES \* MAQUINARIA  
AGRICOLA \* MATERIALES DE  
CONSTRUCCION \* BAZAR  
AGENCIA URALITA  
CEMENTOS "OURAL"  
TABLEROS "FIMAPAN"

Pinturas Plásticas y Sintéticas • Cocinas, Estufas  
y Calentadores • Material Eléctrico para instalaciones

Apartado 9

P A D R O N

Teléfono 810001



CA PASCOA POLO MEDIO

## RECORDOS DA INFANCIA

*Por Xurxo e Daniel Sueiro.*

O noso Tio Gregorio chamounos pra que fixéramos algún escrito pro programa da Pascoa. Dixenlle a meu irmán Daniel que ven podería ser algo feito polos dous xuntos. E en galego, inda que malo, por que o bon no sabemos. El dixo que ben, que si, que bon, e eiquí estamos, a carón do propio escenario, aproveitando que o fin de semana de San Xosé, unha festa tan querida por nós na memoria do noso pai, que gloria teña, coincide cunha grande chamada da terra e do sangue, e cada un de nos dende onde se atope percura achegarse eiquí.

"Eu non me decato de cousa algunha da Pascoa —di Daniel—, porque nos éramos moi picaros, vivíamos en Ribasar, ou mais ben no Sisto, e non nos levaban á festa. O millor, os meirandes si que vos levaban."

"Si non nos levaban os do medio, íbamos nos soles", comenta Xurxo.

Pro o que e certo e que eu teño moitos recordos daqueles anos, fai uns coarenta, e os recordos están sempre a veira da carreteira, por onde pasaban os cabalos pra Padrón, camiño da Picaraña. Viñan da parte de aló, de Bastabafes, ou dos Anxos, ou donde fora; da montaña, eso si, asegúntendíamnos nós. E a nós produciannos moita

*(CONTINUA EN LA PAG. SIGUIENTE)*

CARPINTERIA

MADERAS

# Laiño

Puertas prefabricadas a todas las medidas

Carpintería en general de la madera

Teléfono: 810514

**I M O - D O D R O**

## TALLERES PARDAL

**REPARACION DEL AUTOMOVIL  
INSTALADOR AUTORIZADO DEL EQUIPO  
LANDI-HARTOG DE GAS PROPANO PARA  
AUTOMOVILES CON MANDO ELECTRICO**

**PUESTA A PUNTO MEDIANTE  
EQUIPO ELECTRONICO**



emoción velos, porque na nosa parroquia non había cabalos, inda non sabemos ven por qué. O caso é que os cabalos da Pascoa despertá-bannos do longuísimo inverno. Por aqueles días, si caía a Pascoa avanzado Abril xa podíamos deixar de soprar nos dedos cheos de sabañóns do frío.

Cabaliños castaños ou mouros, mulas ou bestas correteaban pola *Mahía* mentras o tren de *Varela* asubiaba polo *Coquiño*, incapaz moitas veces de subila costa.

"Pero a min —di Daniel— colleume todo eso moi pequeno. Tí xa tiñas unha bicicleta e íbas a Vila, que deso ben me lembro. E viñas contando que estaban vos os dulces da confitería de *Latorre*, que viras o cine, que tamén creo que se chamaba así. Tamén eras tí o que pasabas pola panadería de *Arufe*, na *Escravitude*, ou levaban os zocos a arreglar ó do *Xalón*, en *Pazos*..."

"De calquera xeito —amece Xurxo— unha cousa é certa. Pirmeiro, que si o tío Gregorio nos dí que hai que facer algo pra Pascoa de Padrón, temos que facelo. Segundo, porque hai que pensar que moitos amigos nosos daqueles tempos gustalle comprobar que nos lembramos deles. ¿Ou tí non encontras nesas anceios que nos dan moitas veces de volver ós mesmos sitios que andivemos de pícaros a millor memoria de aquela coleitividade a que pertencemos pra sempre...?"

¿Non é verdade que dúas ou tres veces ó ano temos que pararnos no *Faramello*, baixar por *Angueira*, ir hastra o *Sisto*, e agora que hai carreiteiriña pasar diante de *Codesido*, e da rectoral de *Ribasar*, e velo río Sar o ladiño de *Francelos* onde estoupá-bamos as bombas de *Santa Mariña* pra que as troitas morreras a montós e quedaran ca barriga pra enriba...?"

"É verdade —ponse pensativo Daniel— que ó ir contando as cousas e comprobando os sentimentos que nos fan vir eiquí, coma si nos chamaran os ancestros que han de estar polas ponlas dos amieiros, dos carballos e dos pinos, e verdade, dígoche, que inda que eu saín moi de pequecho, as cousas collen xeito, e aparecen os luares e as persoas... A casa de *Mirón*, tan querida por todos nós; a *señora Concepción*, nosa segunda nai, tendo unha primeira nai tan boa... (perdoa que me

(CONTINUA EN LA PAG. SIGUIENTE)

Para toda clase de trabajos en  
Mármoles y Granitos Naturales,  
Nacionales y Extranjeros

## Mármoles "PADRON"



Teléfono 811456  
Particular 811043

LA MATANZA - PADRON



extravíe un pouco, pro da que pensar o ennaizados que nos tivemos a sorte de estar. Cantas mulleres boas na nosa vida...) e tódolos de *San Martín*, e os de *López*, e os de *Castro*, e os de *Caneda*, e os de *Gosende*, e os de *Noya*, de *Angueira*, do *Sisto*, de *Codesido*... os de *Gómez de Francelos* e os de *Touceda da Picaraña*, e os de *Conde do Vilar*, e *Nico Martínez Blanco*, de *Pazos*; e *Zumalave de Chave*, que xa te acordas que iban de todos os luars a escola do noso pai..."

"Pro así e peligroso, Daniel —di Xurxo— porque vânsenos esquencer moitos. Polo menos da miña quinta. *Adolfo Martínez* e *Domingo Barrán*, xunto con *José López*, e *Castro de Angueira* —seudónimo que eu teño utilizado as veces—, e os *Noyas*, e que decir de *Gosende* e de *Ramiro da Caraina*, e de tantos e tantos da nosa querida aldea... De calquera xeito, o caso e que estamos enchendo o papel e o millor non damos co xeito bon pra estes traballos. Porque os de *Padrón*, tamén hanse de sentir esquencidos. E nos demos que falar de *Virxilio Pajares*, agora deitado permanentemente por un mal que lle roubou as pernas; e dos *irmáns Ferrón*, e de *Beiró*, e de tódolos hirmans *Paz* —e moi en concreto de *Eduardo*, co que estudiei na Normal de Santiago, pra facernos mestres coma nosos pais—... e en fin: metémonos na roda nos nomes e por cada satisfacción que temos o mentar a ún, teremos logo un disgosto por cada un dos esquencidos... O menos hai que decirlles que nesos sentimentos nosos están todos recollidos, cunha forte amarra, con eses lazos que non rompen nunca e dos que eu teño a seguridade que se quedan pro outro mundo, sexa o que sexa, calgún haberá..."

O papel enchíase e inda non lembráramos a casa da aboa *Baltasara*, na *Trabanca*; nin a do *Roucón*; nin as mañáns patexando no *Sar*, espelindo a area a ver si pilláramos os peixes pranos, sollas deberían ser...; sin falar siquera do *Espolón*; sin memoria daquela fonte cósmica de verbas galegas do mestre *Otero Pedrayo* inaugurando o monumento a *Rosalía*... e quizá nos dábamos conta de que o reencontro da nosa identidade furgaba coma un garabullo cruel nas frebas da ialma...

(CONTINUA EN LA PAG. SIGUIENTE)

# ANGUEIRA



## MONTAJES INDUSTRIALES Y DOMESTICOS

ELECTRICIDAD - CALEFACCION  
DISTRIBUIDOR CALEFACCION  
"ROCA"

TELEFONO: 81 04 69

PADRON

TALLER: TELEFONO 81 02 71

R O I S - (LA CORUÑA)



Estivemos fala que te fala, eiquí mesmo, o carón da terra, pegadiños a ela, con esa fixación forte que da habela tido nas máns, habela pisado cos zocos, aquela lama das corredeiras que arresendía porque tiña toda a forza telúrica dos nosos mortos de cénxeneracións que pisaron sobor dela, coma pisamos nos é a mesma terra que ollarán os fillos dos nosos fillos, porque veñan a mundo onde Deus lles deixe vir, tamén eles sentirán xa esa chamada, mentras que nós, ó comprobalo, adocemos de doce anguria...

"¡¡Coño!! que estamos de festa, ¡Non fagamos a Pascoa ós leutores...!"

*Padrón, Marzal do 1.979*



*CALLE DO SOL*

HAGASE CONDUCTOR EN...

# AUTO-ESCUELA P E R N A S

Víctor García, 3 PUENTECECURES

Permisos, A-1, A-2, B y C

TELEFONO 55 73 65

CENTRAL:

Michelena 15 - 1º - PONTEVEDRA

Teléfonos: 859150 y 859154

SUCURSALES:

LA ESTRADA Y EL GROVE

DELEGACION DE UNION ESPAÑOLA  
(COMPAÑIA DE SEGUROS)



## XOAN RODRIGUEZ DE LA CAMARA O DEL PADRON "PERFIL NOVELESCO DUN ILUSTRE PADRONES DO SECULO XV"

Por Xesús SANTOS SUAREZ

A vida deste singular fillo de Padrón está chea de contradicións e de puntos escuros no tocante a conducta e forma de concebila vida. Paseou o nome da terra nadal polos pazos e castelos de España e tamén dos extranxeiros durante a mocidade, e polos conventos e mosteiros na idade madura. Pois non en valde pasou a historia co nome de "Del Padrón" sendo así, xunto con Macías, os primeiros embaixadores padroneses no cortesano mundo medieval.

Cóidase que naceu nos derradeiros anos do século XIV e que era parente do cardeal Xoan de Cervantes, a quen poido acompañar a Basilea durante o concilio de 1.438 i en anos sucesivos a outros lugares arredados da patria e con rango eclesial.


Os seus biógrafos sitúan como escenario dos apaixonados e turbulentos amoríos da súa mocidade a mesma corte castelana de rei Xoan II, e inda hai quen dí que se atreveu a poñer-las ollos na propia raiñá dona Xoana de Castela, apoiados no dito dalgún pasaxe da obra "Siervo libre de amor". Pero de tódolos xeitos parés certo que o afervorado carauter e vida aventureira ó servicio do amor do mozo de Padrón, soio comparable á do seu contemporáneo coñecido polo "Namorado", serviu de modelo e foi aproveitada a vea poética e creadora infundida ós seus persoaxes pra ser recreada, resucitada e rebotada no decorrer do tempo por outros literatos e artistas en producións de moito talante e de moita envergadura intelectual. Aquí está o mérito destes memorables homes: creadores e guieiros de figuras, símbolos e conductas.

.Deixando un pouco de lado o terreo hipotético, no que nos movemos até agora, botamos man das investigacións feitas polo

(CONTINUA EN LA PAG. SIGUIENTE)



PAZO DE ARRETÉN



PAZO DE ANTEQUEIRA



CONVENTO DE HERBÓN



padre Atanasio López e por documentos pontificios sabemos que recibiu o hábito da orden de frades menores no convento de Xerusalén en 1.441 e que profesou en 1.442. Antes desta profesión xa era clérigo e xa tiña disfrutado de varios beneficios e prebendas da Eirexa e das rentas dunha canonxía na catedral de Tui.

Os derradeiros anos da inqueda vida trascorreron prazentemente na bisbarra padronesa alonxado do "mundanal ruido" e de maneira especial no recolleito agarimo do convento franciscán de Herbón, onde parece que investiu parte da herencia na ampliación e remozamento do cenobio e no arranxamento xeral da finca e pesqueiras así como nos xardíns, traguendo de Terra Santa árbores exóticas, entre os caes se atopa a garrida palmeira que tantas veces daría acougo ó seu corpo canso de aventureiro nato. Aparece tamén no tumbo da Colexiata de Iria como propietario de tres fincas que deixa en herdo a unha filla súa.

E autor da primeira novela sentimental que se fixo na literatura española, tidoada "El Siervo libre de amor", dividida en tres partes: a primeira cando "ben amou e foi amado"; a segunda, "cando ben amou e foi desamado", e a última, "cando nin amou nin foi amado". A parte central desta obra está constituída pola novela cabaleiresco-sentimental, "Historia de los dos amadores Ardanlier e Liesa, cuxa acción se desenrola na zone de Iria, cun final trágico prós dous amantes que son enterrados nun pazo labrado en rocha viva cun epitafio no sartego que facía referencia á vida e a morte da leal parexa, exemplo e perpetua lembranza prós namorados de tódolos tempos e de tódalas terras que, cobizosos da proba de lealtade ó amor, pretendían cruzar —sin conseqüilo— nas catro estancias da cámara, pero, según él, soio Macías o Namorado, "gadísán del águila, nacido en las faldas de esta agra montaña, por su gran gentileza, lealtad, destreza y gran fortaleza" logra tras pasar unha serie de probas e dificultades entrar no Padrón e romper así o encanto da segreda cámara.

Nesta novela verque alusións de Homero, Séneca, Ovidio, Platón, Horacio, Plinio e outros clásicos que proban unha fonda preparación humanística.

(CONTINUA EN LA PAG. SIGUIENTE)

# HB

## CARPINTERIA DE ALUMINIO

# "HERMANOS BOUZAS"



TELEFONO: 81 07 84

ROIS - PADRON (CORUÑA)

Anque Rodríguez del Padrón non empregara a lingua galega nos seus escritos, ou polo menos non se ten razón de lo, non se lle pode achacar desvinculación ca terra nai, porque na súa prosa hai profundas raíces galaicas a mais de enxebres signos propios da raza; pro hai, ademais, unha presenza viva da paisaxe nos relatos encol dos arredores de Padrón co evocador conxunto de Santa María de Iria, levando aparelado un sentimento poético da natureza cando describe a fraga de Miraflores, os montes de Teayo, Miranda ou Buxán.


Seguindo na mesma liña barroca das obras en prosa ten publicado "El triunfo de las donas", adicada a raiña dona María, belido canto ás virtudes i excelencias femininas. En "Cadira de honor", considerada por Menéndez Pelayo como a segunda parte de "El triunfo de las donas", sopesa custións de honor e de nobreza.

Tamén se fala dunha "Crónica de Iria", pero a xuício de Varela Jácome e doutros eruditos, non pode ser a que arestora se conserva en galego, firmada por Rui Vázquez, no arquivo da catedral de Santiago, pero hai motivos para pensar que existiu anque se ignore o paradeiro.

En canto a poesía figura nun manuscrito do Museo Británico con tres fermosos romances do "Conde Arnaldos", "A Infantina" e "Rosa Florida", e nos Cancioneiros están reseñadas as obras poéticas de "Los diez mandamientos de amor", "Los siete gozos de amor" y "Las Canciones".

Nin un verso en galego aparece, pero en todos eles late un profundo sentimento de galegidade. As composicións siguen a liña marcada pola escola poética galega á usanza e resulta un tanto raro que seguindo como sigue fidel no fondo á patria e ós seus orixes non trove na doce fala materna coma tantos outros do seu tempo e do seu eido, caso de Macías, a quen por certo admiraba moito, deica o punto de querer compartir a súa sorte cando nun intre dos "Siete gozos de amor" chega a dicir que desexa tar a mesma morte, a mesma sepultura e a mesma gloria que o seu paisano. E nun arrebatado de pasión, di:

(CONTINUA EN LA PAG. SIGUIENTE)



# HORMADISA S.L.

**ELEMENTOS DE HORMIGON  
MADERAS Y TRANSPORTES**

**PUENTECESURES-CORDEIRO  
(PONTEVEDRA)**

**TELEFOS: 557400 - 557375**



Solo por ver a Macías  
e de amor me partir,  
yo me querría morir,  
con tanto que resurgir  
pudiese dende a tres días.  
.....

Pero o destiño tiña disposto que ámbolos dous habían de deslindar dous mundos semellantes e distantes a vez: a cerrazón da lírica galaico-portuguesa con Macías, e a apertura cara unha escola galaico-castelán con Rodríguez del Padrón, que axiña quedaría asoballada, salvo casos aillados, pola lírica cortesana de Castela, hastra que, andado o tempo, había de sere outro poeta estreitamente vinculada a Padrón a que lle devolvera a propia voz, a doce fala a Galicia, contribuíndo así, co feitizo da súa pruma, ó rexurdimento das nosas letras e do noso ser: Rosalía, que locía "na frente unha estrela e no bico un cantar" e xuntos forman unha maravillosa trinidad que de por sí abonda pra que un pobo se sinta protagonista dunha fermosa páxina da nosa historia.

X.S.S.



CASA SOLARIEGA DE LOS ARTIME, EN LA RUA  
LONGA PADRONESA

EMBOTELLADOS Y GRANELES

---

VINOS DE MESA


**B O M A R**

---

BLANCO - TINTO - ROSADO

**Bodegas B O U Z A S**

TELEFONOS: 81 02 93 - 81 07 57



**PADRON ( LA CORUÑA )**

## TORRES DE HERMIDA

Atópase este pazo na populosa aldea de Les-trove, a un quilómetro de Padrón, pola estrada que vai a Poboia do Caramiñal. Achase en un outeiro dendo que se albisca un belido panorama. Toda a veiga da Foz do Ulla e do Sar; os montes Meda, Castro Valente, Xesteira e Xiabre e o lonxe os de Bea e Luou e todos os pequenos pobos que se achán na encosta destes montes: Ponte-Cesures, Requeixo, San Lois, Valga, Cordeiro, Campaña, Setecoros e tantos máis que farían longa esta descrición.

O edeficio, que está en moi mal estado, componse da casa con dúas torres de pouca outura e unha solaina o Sul. No lenzo do Norte ten a pedra de armas dos Luaces. No interior ten outro escudo tamén dos Luaces. O Norte do pazo estivo a capela da que non hai restes.

(CONTINUA EN LA PAG. SIGUIENTE)



**camiones**



**autocares**



**furgonetas**

● **recambios**

● **servicios**



TELEF.

582778-581505 - 593383 - 592927



**a. c. medin** S.A.

**concesionario oficial de  
comercial pegaso**

**SANTIAGO**



A finca toda ten trescentos ferrados adicados a bosco, labradío e horta. Todo coutado de muro.

Foi mendado construír por don Xácome de Luaces e Fernández de Cervela no ano 1.614, fundando un maiorazgo. Por casamento de dona Francisca Antonia Luaces con don Pedro Hermida Mosquera, en 1.690 pasou a ser da familia Hermida que poseeron deica don Xosé Hermida e Castro, escritor moi celebrado que as mais das veces firmaba co seudónimo de "VERITAS". En toda a bisbarra era coñecido polo alcume de "NATILLAS". Era curmán de Rosalía e ali viveu a poetisa algunhas tempadas. Ali nasceron algúns dos fillos e escribiu varias cousas entre elas uns artigos na Ilustración Gallega y Asturiana encol das cheas do Sar. Inda existe o hérbedo ou madroñeiro o pé do cal escribía.

En 1.811 estivo en este pazo o insigne Jovellanos, pois era parente dos donos. Tamén pasou ali longas tempadas, na súa mocidade, o chamado "Martir de la Democracia Hispana", o padronés don Eduardo Ruiz Pons.

O 16 de Marzo de 1.930 tivo lugar en este pazo a Xuntanza dos políticos galegos na que se constituiu o Partido político chamado, ORGA.

Hoxe é propiedade de don Xuan Vázquez Fernández, parente do tan nomeado don Xosé Hermida e Castro, "PEPE NATILLAS".

*Camilo AGRASAR VIDAL*



*TORRES DE HERMIDA  
(Lestrove - Padrón)*

**MANUFACTURAS**

# Hermanos TUBIO

ALUMINIO \* HIERROS

Teléfonos: 811456

Particular: 811380

LESTIDO - PADRON

# ORDIMAR, S.L.

ALIMENTACION AL MAYOR

TELEFONO 86 01 41

ASADOS - RIANXO

## JOSE MUIÑOS DE FERRO

En las fiestas patronales de Nuestra Señora y San Roque de Puentecesures-  
Padrón, entre los diversos actos, destacó por  
su originalidad e importancia, una "Exposi-  
ción de antigüedades pertenecientes al  
desaparecido coro "Agrupación Artística de  
Puente-Cesures", cuyo fundador y director  
fue don José Muños de Ferro, el que  
precisamente organizó esta misma Exposi-  
ción. Hacia cincuenta años que se había  
fundado aquella Agrupación y nada mejor  
para conmemorarlo un acto cultural que  
encajó perfectamente con las diversiones  
propias de una fiesta. Y, no solo hubo  
expuestos los recuerdos pertenecientes a  
esta Agrupación, ya que Muños de Ferro,  
quiso también que dentro del Arte contem-  
poráneo hubiera una muestra de los artistas y  
artesanos padroneses de la actualidad; así  
como se mostró el ante-proyecto de la  
"Monumental Cruz del Santiaguño", con  
una maqueta realizada en madera, que llamó  
poderosamente la atención de los visitantes  
de este certámen.

También por primera vez, en el "Campo da  
Insua", tuvo lugar una misa de Campaña, que  
ofició don Santiago Liste Leborán, y a la que  
asistió muchísimo público. Este acto religio-  
so, que antes se hacía en la parroquia de Iria

*(CONTINUA EN LA PAG. SIGUIENTE)*



## PERFILES DE ALUMINIO

# ALU-COR



### EXCLUSIVA DE INASA

## PADRON

Ctra Noya Km 2.

Tfno: 81 03 44

## LUGO

c/. Franco

(Agro do Franco)



Flavia, resultó también de una extraordinaria brillantez. Muñíos de Ferro, comentó con nosotros, en aquel Agosto caluroso, que aquellos actos se realizaban para conmemorar el cincuenta aniversario de la Agrupación Artística, que se había fundado en 1.927, hasta 1.930, que fueron tres años de grandes éxitos, ya que la agrupación tenía un programa muy completo, abarcando desde las canciones de actualidad, las polifónicas y pasando por las "enxebres"; luego había monólogos y obras cortas de teatro regional. Además de Padrón, actuó en Puentecesures y Rianxo de la cual, se conserva aún el recuerdo grande de todos los componentes, pues, dicha actuación coincidía y formaba parte del programa de las Fiestas de la Guadalupe. Se dió un concierto en la casa de Castelao y también otro en la finca del Doctor Baltar. Curioso es que por falta de transporte —¡tiempos pasados!— la Agrupación no pudo trasladarse a la Estrada. En aquellos años, era por decirlo así, la distracción de una juventud que ensayaba y al mismo tiempo se reunía en tertulias, donde se entablaban unas relaciones sociales y culturales muy importantes. Hoy por esos mismos tiempos, con discotecas, snack-bar, clubs nocturnos etc. Son indiscutiblemente los obstáculos mayores para estas reuniones culturales que le daban mucho empaque y nombre a las villas donde tenían lugar.

También abundando en el tema, el señor Muñíos de Ferro, nos indicó que fué a su regreso de Cuba, cuando fundó el Coro, siendo Presidente de Honor doña María San Martín Domínguez, contando también como tal, a don Eduardo Díaz Lapido y el efectivo don Daniel Roa.

Muñíos de Ferro, es un hombre activo, muy emprendedor y un esclavo del trabajo. Además de las composiciones musicales, tanto en gallego como en castellano, es autor del "Lábaro Hispánico", amén, de que puede contar con obras teatrales y cinematográficas. Importante es la obra que tiene pendiente de su publicación sobre la vida de Cristóbal Colón, en la cual hay muchas personas interesadas en su publicación. Ahora tiene el proyecto de esa monumental "Cruz del Santiaguino", que espera poder realizar con

(CONTINUA EN LA PAG. SIGUIENTE)

# TRANSPORTES ' ' C A R O U ' '

SERVICIO DIARIO DE MERCANCIAS

SANTIAGO - PADRON - RIVEIRA Y PUEBLOS  
EN RUTA

TELEFONOS: SANTIAGO 59 15 23 - PARTICULAR: 86 0604

Y SERVICIO DIARIO DE MERCANCIAS POR AVION

AEROPUERTO DE SANTIAGO - VILLAGARCIA  
PONTEVEDRA - REDONDELA Y VIGO

TELEFONO SANTIAGO: 59 75 50

TELEFONO VIGO: 29 50 50

las colaboraciones de Entidades y particulares, con especial atención del Ayuntamiento de Padrón.

Sobre tal proyecto nos explicaba el señor Muiños de Ferro, que la historia jacobea, padronesa, le llevó a tal idea, más tuvo un motivo muy singular, ya que estaba pendiente de sufrir una operación quirúrgica, pero teniendo en cuenta la gran fé que tuvo siempre a dichos lugares, un día fué a la fuente que —con su báculo horadó el Apóstol Santiago— y allí lavó con su agua la pierna enferma. a los pocos días aquel tumor que tenía, desapareció y ya nunca más volvió a preocuparse de tal enfermedad. Entonces, —sigue diciéndonos el señor Muiños de Ferro— allí fué la principal fuerza de mi idea de la Monumental Cruz. Tiene la total convicción de que este proyecto se realizará algún día; pues, sería interesantísimo, y más ahora que en el Santiaguíño se está haciendo un nuevo cementerio.

El señor Muiños de Ferro, estuvo muchos años fuera de Galicia, concretamente en Madrid, donde se jubiló, viniendo con mucha frecuencia a Pontecesures- Padrón, donde tiene a su madre, una señora que está rozando ya los cien años de edad.

Muiños de Ferro, es un chorro de ideas y en su mente siempre está bullendo algo en beneficio de la cultura. Muiños de Ferro, siempre lleva por buen camino estas ideas, así que nada nos extraña que hubiera hecho esa Exposición conmemorativa de los cincuenta años de la Agrupación y que fué un éxito, teniendo también la certeza que ese proyecto de la gran "Cruz Monumental", en su momento será una realidad.

¡Que así sea!



## SERVICIO OFICIAL SEAT HEREDEROS DE RAMON PAZOS GIMENEZ

TALLERES CLASIFICADOS DE PRIMERA  
**MECANICA - ELECTRICIDAD - CARROCERIA**  
**(CHAPA-PINTURA)**

LAVADO Y ENGRASE

VENTA DE COCHES NUEVOS SEAT  
CARRETERA GENERAL, KM. 80,800-TELEFOS: 811451-811490  
**PADRON (La Coruña)**

# SEAT

## MERCANAUSA

**COMPRA Y VENTA DE VEHICULOS  
USADOS**


EXPOSICION PERMANENTE EN:  
GENERALISIMO FRANCO, 43 - BAJO



Una oficina del Banco Pastor es un mundo de variadísimas actividades. Con toda la organización necesaria para resolver ágil y eficazmente los mil y un problemas que cada día se presentan. Martes, 10,30. Banco Pastor, una hora cualquiera dentro de un día normal.



- 1.- Cobrando un talón.
- 2.- Domiciliando los recibos de casa
- 3.- Adquiriendo Eurocheques.
- 4.- Informándose sobre los Clubs de Inversión.
- 5.- Enviando una transferencia al chico que estudia en Santiago.
- 6.- Abriendo una cuenta.
- 7.- Atendiendo a un cliente.
- 8.- Descontando una remesa.
- 9.- Ingresando en su libreta de ahorro.
- 10.- Formalizando un 2-D. Su crédito personal en 48 horas.



# Banco Pastor

**BANCO  
DE  
MADRID**



**Agilidad  
Eficacia  
Experiencia**

**Una suma de buenos  
Servicios Bancarios**

**BANCO DE MADRID**